

“MARIÑEIRO POR UN DÍA!”

PORTO DE CELEIRO (VIVEIRO)

Marta (6º de Educación Primaria)

Xoves, 26 de Abril de 2013

Ola! Hoxe fomos a Viveiro, ao porto de Celeiro e fomos “mariñeiros e mariñeiras por un día”. Alí ensináronnos:

- Cómo chega o peixe fresco ao teu prato: o peixe chega grazas aos mariñeiros. Ademais é moi bo para a saúde, os especialistas recomendan consumir de dúas a tres veces por semana para previr enfermidades e fortalecer o organismo.
- Qué pescan en Celeiro: moitas e variadas especies como a pescada, o rape, o lirio, o bonito do Norte, a cabala, o xurelo, etc.
- Con qué se pesca: utilizan diferentes métodos de traballo en función da especie e zona de captura: aparellos de anzol, artes de cerco, artes de arrastre, nasas, útiles de marisqueo,...
- Ónde se pesca: alí en Viveiro pescan moi preto da costa pero tamén en augas moi afastadas como as do Gran Sol entre Irlanda e Francia, de alí ven a moi coñecida “pescada do pincho de Celeiro”.
- O helicóptero para salvar vidas: o servizo de gardacostas de Galicia co helicóptero Pesca II está en funcionamento 24 horas.
- Os nomes dalgúns peixes: abadexo, bertorella, cabala, centola, choco, faneca, calo, lirio, robaliza, maruca, pancho, peixe sapo, raia, salmonete, sargo, xurelo,...



En Viveiro pasámolo moi ben. HAI QUE REPETILO!!!

Itziar (5º de Educación Primaria)

O 26 de abril de 2013 fun de excursión a Viveiro. De camiño o noso titor puxo unha peli de Iron Man.

Fomos á lonxa. Alí explicáronnos moitas cousas sobre o que é ser un mariñeiro, como ían en barcos ata Escocia, etc. Tamén nos ensinaron peixes coma o rodaballo, o xurelo,... Explicáronnos que o peixe máis fresco era o que tiña os ollos inchados.

Tiñan un criadeiro no que había centolas e langostas e outros animais de mar que non se vían porque había escuma por enriba ou a auga estaba escura.

Despois fomos ver un helicóptero de salvamento marítimo. Alí ensináronnos que utilizaban para salvar vidas no mar: arneses, unha cesta, unha camilla, un saco, un traxe de bucear, un chaleco salvavidas que se inflaba ao estar na auga e senón tirábase dunha corda. Ao final da visita do helicóptero tiraron unha bengala. Había unha que por un lado era fume e polo outro lume que duraba quince segundos; o fume era laranxa e o lume roxizo e molestaba moito nos ollos.

Tamén fomos a un sitio onde o gardacostas nos fixo preguntas: cinco crustáceos, etc. E se as acertabas dábanos un minicalamar. Ao final déronnos unha bolsa que contiña uns papeis, unha camiseta branca e un bolígrafo verde. Despois fomos a un sitio onde puidemos facer como se estivésemos conducindo un barco, con controles parecidos.

En todos os sitios da lonxa que fomos nos dixeron que tiñan traxes vermellos, laranxas e amarelos con pegatinas reflectantes para ver mellor á xente perdida no mar, tamén uns traxes especiais e uns sacos para que cando saquen as persoas da auga, non sufran hipotermia.

Finalmente fomos comer algo mariñeiro no restaurante Louzao ao borde da praia Area.